

# CERTAME CURTAS XIV AS-PG

## I. ORGANIZACIÓN

O Certame de Curtas da AS-PG é un evento organizado e xestionado pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega nun apoio ao audiovisual como forma de comunicación e divulgación da lingua e literatura galega.

## II. TEMÁTICA

As curtas xirarán ao redor da literatura, interpretando ou explorando calquera texto de calquera época da Literatura Galega.

As curtas presentadas levarán incluído un espazo de créditos en que obrigatoriamente debe constar título da obra literaria e autora ou autor da mesma.

A modalidade en que se presenten os traballos é libre: curtametraxes, videocreacións, videoclips... e admitirase calquera técnica de elaboración.

## III. NORMAS DE PARTICIPACIÓN

1. Poderán optar aos premios as curtas rodadas en calquera sistema de gravación (cine, vídeo...), inéditas ou que fosen estreadas entre o 1 de setembro de 2022 e o 8 de novembro de 2024.

2. As obras poderán enviarse por wetransfer a [informacion@as-pg.gal](mailto:informacion@as-pg.gal) ou en DVD. O formato de exportación debe ser preferentemente .mp4, .mov ou .avi.

No caso de ser en DVD deberán enviarse ou presentarse no enderezo: *Asociación Socio-Pedagóxica Galega XIV Certame Curtas AS-PG Rúa Laracha, 9 baixo 15010 A Coruña*

3. Prazo: as curtas deberán ser recepciónadas na AS-PG **antes das 14 horas do 8 de novembro de 2024.**

4. A duración non excederá en ningún caso os 20 minutos, créditos incluídos.

5. O idioma (audio e texto) das obras presentadas será o galego.

6. Cada participante poderá presentar un máximo de tres obras.

7. O material enviado ao inscribirse non será devolto.

8. Os vídeos participantes na Categoría Centros de Ensino poderán ser difundidos a través da páxina web da AS-PG e das súas redes sociais.

## IV. CATEGORÍAS

1. Categoría xeral Mellor Curta XIV edición.

2. Categoría Centros de Ensino XIV edición.

A mesma obra só poderá participar nunha única categoría que será indicada na ficha de inscrición.

## V. PREMIOS

1. Categoría xeral

- Premio á Mellor Curta XIV edición de Curtas AS-PG, dotado de 1.500€ + Diploma.  
- 2º Premio dotado con 750€ + Diploma.

2. Categoría Centros de Ensino

- 1º Premio, dotado con 900€ + Diploma.  
- 2º Premio, dotado con 400€ + Diploma  
- 3º Premio, dotado con 200€ + Diploma

## VI. INSCRIPCIÓN

Os/As participantes deberán enviar a seguinte documentación:

\* Ficha de inscrición con todos os campos cubertos. No caso de presentar máis dunha obra deberán enviar tantas fichas como obras.

\* Na Categoría Xeral, fotocopia do DNI do director/directora, ou calquera membro responsable da obra.

\* Na Categoría Centros de ensino, Certificado emitido polo centro no que conste a autorización para a participación no concurso.

\* Ficha de inscrición web <http://bitaculas.as-pg.gal/> entrada Curtas

\* Poderá ser enviada por correo electrónico a [informacion@as-pg.gal](mailto:informacion@as-pg.gal) ou a *Asociación Socio-Pedagóxica Galega XIV Certame Curtas AS-PG Rúa Laracha, 9 baixo 15010 A Coruña*

## VII. XURADO

A AS-PG, como entidade organizadora deste evento, nomeará un xurado que estará composto por persoas de recoñecido prestixio no mundo da literatura e do audiovisual. O xurado designará un máximo de tres obras finalistas en cada unha das categorías. Entre eses finalistas estará a gañadora.

Así mesmo designará unha Comisión Organizadora encargada de recepciónar as obras e avaliar a adecuación ás bases.

Calquera cuestión referida á interpretación e aclaración das bases corresponde á Organización, non cabendo contra ela ningunha reclamación.

O ditame do xurado é inapelable.

## VIII. ENTREGA DE PREMIOS

As obras gañadoras daranse a coñecer no Acto de entrega de premios que terá lugar en decembro de 2024. A data e lugar serán publicados na páxina web da AS-PG. Neste acto é obrigada a presenza, en representación das obras, dalgún dos membros das curtas finalistas. A non presenza será motivo da perda do importe económico do premio (no caso de a obra resultar premiada), mais non do premio en si.

## IX. RESPONSABILIDADE

A persoa representante da obra será a única responsable legal da curta.

As obras admitidas poderán ser emitidas naqueles actos sen ánimo de lucro organizados para a promoción do Certame.

A participación neste certame supón a aceptación plena destas bases.

A Coruña, maio de 2024